

PARA VOTAR NA XUNTA XERAL, DELEGA A REPRESENTACIÓN DAS TÚAS ACCIÓNS EN COMFIA CCOO BBVA, A ISABEL GIL DELGADO

A Xunta celébrase en Bilbao, o próximo 15 de marzo. Os traballadores e as traballadoras queremos que os nosos intereses estean representados e votar para que conste nosa opinión.

A de COMFIA CCOO BBVA e en relación coa orde do día ten que ver con:

☐ **O voto en contra da prórroga ou posta en marcha do novo programa de entrega de accións ao Equipo Directivo**, que se propoñen en rechamante contraste coa situación de crise e coa conxelación salarial de facto que se nos aplica ao resto de profesionais de BBVA -incluída a da achega ao fondo de pensións- e que seguimos dedicando o maior esforzo a superar esta situación complicada.

☐ **A reserva de opinión sobre a integración de UNNIM en BBVA**, que ten que ver en como remata o proceso de reestruturación. Sobre a base dun Acordo no que priorizamos o emprego, admitindo diversos sacrificios de condicións vixentes, efectuouse a súa aplicación de xeito moi razoable e exitoso; na segunda fase, aínda en desenvolvemento e pendente dalgunhas decisións, marcámonos o mesmo obxectivo: que non haxa despedimentos.

☐ **O rexeitamento a unha lexislación fiscal inxusta** pola que entidades que compraron a outras -como Sabadell/CAM, CaixaBanc/Banca Cívica/Bco. de Valencia, BBVA/UNNIM- por 1 € beneficianse ademais, e non dubidamos de que dentro da máis estrita legalidade e transparencia, do crédito fiscal (reserva de impostos negativos por exercicios con perdas) de UNNIM e da anticipación de perdas polas provisións dos RDL Guindos I e Guindos II. No noso caso non hai máis que consultar os Resultados 2012 (páx. 7): o Beneficio antes de impostos, que é de 1.659M€, convértese nun Beneficio despois de impostos de 2.327M€.

Se queres que a túa opinión conste na Xunta, a través de COMFIA-CCOO BBVA, debes **DELEGAR as túas accións**, conferindo a representación, no apartado da Tarxeta para o efecto, á nosa vicesecretaria xeral, **ISABEL GIL DELGADO**, con instrucións de votar **"segundo estime oportuno en cada punto da orde do día"**.

Para que a Delegación sexa válida debese:

- **DESTRUIR a TARXETA DE VOTO A DISTANCIA**, e
- **Enviarnos a Tarxeta de Delegación**, asinada, á túa Sección sindical ou directamente a CCOO BBVA-Ofic. 2100-Córdoba

Por suposto, se tes máis de 500 accións correspóndeches, en todo caso, retirar o Obsequio, sen ningunha diferenza respecto ás Delegacións en branco, que son a favor de todas as propostas do Consello. Se tes menos de 500 accións tamén podes delegar, pedindo a Tarxeta de agrupación na túa Oficina. Ante calquera incidencia, chámamos ou escribe un correo electrónico a bbvaccoo@comfia.ccoo.es.

COMFIA-CCOO, aportamos solucións, melloramos os teus dereitos. Febreiro 2013

COMFIA CCOO BBVA sección sindical

Tel. 91 594 42 36 - 93 401 53 33 - bbvaccoo@comfia.ccoo.es

www.comfia.net/bbva - Portal Sindical en espacio - www.comfia.info

adherida a la [unión network international](#)